



Constitución formal da mesa sectorial

A CIG-Ensino solicita a constitución formal da mesa sectorial provinte das eleccións de decembro de 2022.

Recordamos que a mesa estará formada por 8 representantes da CIG-Ensino, 4 de CCOO, 2 de ANPE e un de UGT.

A administración di que está pendente de función pública.

Polos creativos

O sindicato esixe o nomeamento como persoal interino do profesorado que vai substituír ás coordinadoras ou coordinadores e a quen só se lles fai nomeamento até 30 de xuño

O pasado 1 de xuño de 2023 o presidente da Xunta de Galiza anunciou a dotación de Polos creativos no 100 % dos centros educativos a partir do actual curso. Nese momento estaban pendentes aínda as convocatorias de persoal asesor da Consellaría e as prazas de nos centros de formación do profesorado (CFR), polo que se puido ter aproveitado esas convocatorias para incorporar os postos necesarios para a atención destes novos “polos creativos”.

Porén, en ningunha desas dúas convocatorias apareceron as novas prazas, o persoal que até ese momento coordinar e a CIG-Ensino advertiu na **Mesa Sectorial do 13 de xuño** que o persoal que até o curso pasado atendía

os 225 centros que xa tiñan este programa eran un número totalmente insuficiente para coordinar total dos centros galegos.

Non foi até o 28 de setembro, cando a Consellaría tomou a decisión de facer chamamentos para cubrir as prazas de 30 persoas que foron nomeadas sen convocatoria previa e dun xeito improvisado e irregular.

A CIG-Ensino denuncia esta discriminación e solicita que os nomeamentos con fin de contrato a 30 de xuño se transformen en interinidades.

A administración resposta que non vai nomear persoal interino -pagarlles o verán- xa que son contratados con fondos finalistas da Unión Europea que ten que complementar e xa é un gasto moi grande.

Renuncia a vacantes de substitución de media xornada

Ante as queixas que nos traslada persoal substituto de que no momento dos chamamentos, se renuncian a unha praza a media xornada se lles está aplicando unha renuncia xeral para todo o curso para este tipo de vacantes, a Consellaría matiza que isto non dá lugar a interpretacións e que se mantén o criterio de que se renuncia só a esa praza.

Problemas nas substitucións

Desde a CIG ensino temos coñecemento que a menos de 15 días de comezar o curso xa hai problemas na cobertura de substitucións e mesmo de interinidades nalgúns especialidades.

Por outro lado, desde a CIG-Ensino solicitamos que o goberno do partido popular se adiante aos graves problemas que xa hai en moitas comunidades para atopar persoal para as listaxes de substitucións nalgúns especialidades, instando á Consellería a facer un estudo das necesidades do sistema educativo para dotalo de profesorado suficiente, e recordámoslle que o primeiro que precisa é facer atractivo o labor docente para que as persoas tituladas queiran traballar como docentes, e iso pasa por mellorar as nosas condicións laborais, que nos últimos anos sufriron un deterioro continuado.

A Consellaría admite o problema, que segundo eles se acrecenta pola non convocatoria de oposicións ordinarias este ano, xa que os listados de substitucións tamén se nutren destas convocatorias.

Di que a solución pasaría por ofertas amplas de emprego, que por certo é responsabilidade súa, a que espera?

A CIG urxe a aplicación do permiso parental de 8 semanas e a actualización do pago de dietas por quilometraxe

O sindicato trasladou tanto á Consellaría de Educación como a Función Pública, de quen están pendente en última instancia os cambios e adaptación da normativa estatal para a súa plena aplicación ás empregadas e empregados públicos da Xunta, que se dea luz verde canto antes tanto á actualización das axudas de custe (dietas) como ao permiso parental que está paralizado á espera de que se desenvolva a nivel galego.

O subdirector xeral indica que enviará unha comunicación ás xefaturas territoriais para que quede claro que está en vigor a nova redacción do permiso por enfermidade ou hospitalización.

A Consellería deixa sen cubrir máis do 58% das licenzas por formación do profesorado

A CIG-Ensino denuncia que a administración, logo de non convocar as licenzas por formación no pasado curso e de ofertar 500 meses para o actual deixou sen outorgar 287 meses, o que supón neste último caso un aforro de arredor de 750.000 euros.

Vai ter en conta este “aforro” na nova convocatoria de licenzas de formación?

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal